

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MESÍA
Edificio	Igrexa de San Cristovo de Mesía
Dirección	Lugar da Igrexa, 2. 15685
	43.113541 -8.273219
Protección	
Descrición	A igrexa presenta planta de cruz grega con volumes engadidos laterais e posterior. Deste xeito prodúcese unha multiplicación de espazos que ten como resultado no exterior un marcado xogo de volumes cúbicos dispostos a diversas alturas, feito que concede un gran dinamismo ó conxunto. No interior, as paredes tamén están recebadas e arredor dos vans a cantería dispónse cun encintado de cor branca. O cruceiro, que está separado do resto da igrexa por medio de arcos de medio punto lixeiramente peraltados, é o corpo que maior altura alcanza. O altar maior está sobreelevado con respecto á nave, e alberga un retablo de madeira composto por elementos clásicos, presidido pola imaxe de san Cristovo. O esquema compositivo da fachada principal é o característico de moitas igrexas do barroco rural, no que a porta, unha fiestra, neste caso carentes de decoración, e a espadana de dous corpos, no primeiro onde están as campás, de dobre arco de medio punto sobre machóns e no segundo corpo, un frontón oco triangular redondeado coroado por unha cruz de pedra. Esta espadana que trunca a cornixa, dispóñense lonxitudinalmente nun imaxinario eixo central. Os escasos ornamentos da edificación, concéntranse aquí, como os acroterios que rematan os extremos da fachada ou os pináculos da espadana.
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	19-02-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	PALACIO, DÁMASO	1871	50	72
Espadana	Maior.	PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)	1871	65	159

Información completa: [Igrexa de San Cristovo de Mesía - MESÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (25-06-2026)